

O alumnado aspirante debe memorizar o TEXTO OBRIGATORIO, e escoller outro texto, entre a OPCIÓN A e a OPCIÓN B. Ten que traer os dous textos ben memorizados para o día das probas de acceso.

TEXTO 1. OBRIGATORIO.

Eu non falo así

Quero que o saibades

Eu non podo falar así

Non podo falar coas frases así tan xuntas

Eu non uso os verbos como os estou a usar

Todo isto é unha mentira

Todo isto é unha tipa que escribe coma se fose eu.

Que escribe coma se ela puidese imaxinar que sabe o que é ser eu

Que non ten nin a máis mínima idea, non?

Porque como o vai saber?

Pero ela fai o esforzo

Ela sabe cousas Supón cousas

Conceptualiza cousas

Quere contar cousas

Ela sabe que eu son unha Persoa con Diversidade Funcional

E tamén sabe que vivo nunha aldea onde todas esas cousas guais que pasan nas cidades

[Por exemplo que a min se me chame ‘Persoa con Diversidade Funcional’]

Pois aquí non pasan

Sabe que eu non vivo nun piso compartido nin sei o que iso é

Sabe que o Meu Papá colle os 400 euros da Pensión que me dá o Estado

Que os colle e que vive con eles [Con eles mais co que dá a horta]

Sabe que me visto coa roupa que me regalan

Sabe que nunca fun eu de tendas cos cartos da Miña Pensión

Porque principalmente eu non sei que teño Unha Pensión

Peza: *Supernormais*

Dramaturxia: Esther Carrodeguas

OPCIÓN A.

O/A INSPECTOR/A. – Estou triste, patroa. Sinto o corazón aflixido e non sei por que. Estou triste a miúdo pero, desta vez, hai algo que non anda ben. De costume, cando me sinto así, con ganas de chorar ou de morrer, busco a razón dese estado. Doulle voltas a todo o que aconteceu nese día, na noite e na véspera. E sempre acabo por atopar un acontecemento sen importancia que, de primeiras, non me provoca unha gran impresión pero que, como unha merda de microbio de nada, se instala no meu corazón e retórcemo en todos os sentidos. Entón, cando identifico cal é o acontecemento sen importancia que me fai sufrir tanto, pñoome a rir, o microbio acaba esmagado como un piollo por unha unlla, e todo vai ben. Mais hoxe busquei, remonteime a tres días atrás, primeiro nun sentido e logo noutro, e aquí me tes agora, sen saber de onde ven o mal, igual de triste e co corazón tan aflixido coma antes.

Peza: *Roberto Zucco*

Dramaturxia: Bernard-Marie Koltès

OPCIÓN B.

UNHA PERSOA. (*Colga mentres fala en voz baixa*)

Deus, fai que volva chamar...

Deus, fai que volva chamar...

Deus, fai que volva chamar...

Deus, fai...

(*Soa o teléfono. Descolga*)

Cortárase.

Estábache dicindo que se me mentises por bondade
e eu me dese conta,
sentiría aínda máis tenrura cara a ti.

Por suposto... Estás tolo!

Meu amor, meu querido amor.

Sei de sobra que é necesario, pero é horrible.

Nunca terei valor...

Si. Temos a ilusión de estar un xunta o outro
e, de súpeto, interpóñense entre nós
sotos, sumidoiros e toda a cidade.

Teño o fío arredor do meu pescozo.

Teño a túa voz arredor do meu pescozo...

A túa voz arredor do meu pescozo...

Se nolo cortaran por casualidade...

Oh, meu amor! Como podes imaxinar
que estea pensando unha cousa tan fea?
Sei que esta situación é aínda máis cruel
pola túa parte que pola miña...

Non, non... A Marsella? Escoita, cariño,
xa que vas estar en Marsella
pasado mañá pola noite, quixera...
alo menos gustaríame...

gustaríame que non foras ao hotel
onde soemos ir...

Non che importa?... Porque as cousas que
non podo imaxinar non existen para min,
ou ben existen nun lugar indefinido
que fai menos dano... Entendes?

Grazas...grazas. Es moi bo. Quérote.

Peza: *A voz humana*

Dramaturxia: Jean Cocteau